

CRITERIOS DE CORRECCIÓN DA TERCEIRA PROBA DO PROCESO DE POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PREVISTO NO ARTIGO 38.D) DA LEI 4/2007, DO 20 DE ABRIL, DE COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS, NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DE XINZO DE LIMIA, ESCALA EXECUTIVA, CATEGORÍA DE INSPECTOR CONVOCADO POLA ORDE DO 10 DE XANEIRO DE 2023 (DOG NÚM 28 DO 9 DE FEBREIRO):

Tal e como establece o punto 5.2 da Orde do 10 de xaneiro de 2023 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso selectivo de acceso polo sistema de concurso-oposición previsto no artigo 38.d) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no corpo da Policía Local de Xinzo de Limia, escala executiva, categoría de inspector, a terceira proba do proceso consistirá na resolución dun caso práctico, no tempo máximo dunha (1) hora, determinado polo tribunal e relacionado cos temas comprendidos no anexo III da presente convocatoria.

Seguidamente, as persoas aspirantes procederán á lectura do caso práctico ante o tribunal.

Esta proba será cualificada de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado.

O tribunal determinará o nivel de coñecementos exixidos para alcanzar a puntuación mínima.

O punto 5.2 da dita convocatoria establece que os criterios xerais de corrección da terceira proba do proceso son as seguintes:

1. O tribunal apreciará a aproximación á descrición e contido da normativa aplicable no esencial; esta puntuación incrementárase ou diminuirá na correspondente proporción en función da súa aproximación ao devandito contido.
2. Terase en conta a concreción das respostas dadas, a motivación destas e a contestación de todas as singularidades de cada resposta segundo o establecido na normativa reguladora que ampara as respostas de cada unha delas.

En desenvolvemento destas previsións da convocatoria o Tribunal designado pola Resolución do 17 de marzo de 2023 (DOG núm. 61 de 28 de marzo), que deberá cualificar convoca o proceso selectivo de acceso polo sistema de concurso-oposición previsto no artigo 38.d) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no corpo da Policía Local de Xinzo de Limia, escala executiva, categoría de inspector, convocado pola Orde do 10 de xaneiro de 2023 en sesión que tivo lugar o 16 de maio de 2023, acordou que os criterios específicos de corrección da terceira proba son os seguintes:

- *Precisión:* Será valorado o inicio, desenvolvemento e finalización de cada un dos aspectos plasmados no enunciado do suposto práctico. Será valorado positivamente a finalización do suposto deixando canalizando todos os puntos enumerados no mesmo. 2,5 pts.
- *Concreción:* as referencias lexislativas son de importancia e serán valoradas na medida na que o opositor faga alusión a elas, tanto en forma (mediante nomenclatura da norma, con ou sen data), como no contido (mediante artigos concretos da norma sinalada); a maior concreción, maior valoración de ese aspecto. 4 pts.



- *Operatividade:* como mando da Policía Local, será valorada positivamente toda cantidade de labor de organización, xestión, coordinación, toma de decisións e información que o opositor desenvolva ao longo do suposto. 2,5 pts.
- *Presentación e lectura do suposto:* dado o carácter escrito do suposto, e as repercusións do traballo policial ao remitir as dilixencias e informes a outros organismos públicos ou privados, será valorada a ortografía, a gramática, a sintaxe, así como a estruturación sempre tendo en conta a complexidade e o tempo de desenvolvemento do suposto. 0,75 puntos. Neste apartado toda incorrección ortográfica ou gramatical suporá unha resta de 0.10 puntos ata o máximo de 0.75 puntos. Pola natureza do cargo o que se aspira, e en numerosas ocasións polo desempeño de labores informativos tanto a superiores xerárquicos, presidentes de corporacións locais ou mandos de outros corpos, valoraranse positivamente unha correcta lectura, que ademais de fiel ao texto redactado, sexa clara e comprensible. 0,25 (total 1 punto).

Calquera persoa aspirante que no seu desenvolvemento propoña unha infracción do ordenamento xurídico en calquera aspecto da súa proposta de resolución será cualificado con 0 puntos na cualificación final da proba.

Calquera persoa aspirante que se identifique directa ou indirectamente na súa proposta de resolución será cualificado con 0 puntos na cualificación final da proba.

Calquera persoa aspirante que non se presente á hora indicada polo Tribunal para a lectura debidamente identificada será cualificada como non presentada na cualificación final da proba.

As lecturas son públicas. Calquera persoa que queira acudir á lectura doutro aspirante deberá identificarse, acreditar a súa condición de interesado no procedemento e entregar ao tribunal tódolos dispositivos electrónicos que poida ter nese momento, sen facerse o tribunal responsable dos ditos dispositivos depositados á entrada á lectura. O incumprimento deste punto ocasionará a exclusión do proceso selectivo da persoa que o incumpra.

A presidenta do Tribunal

Paula Cajaraville Leiro

